

VI. ANUNCIOS
B) ADMINISTRACIÓN LOCAL
CONCELLO DE ORDES

ANUNCIO referente á convocatoria e ás bases reguladoras do proceso de provisión por mobilidade de prazas no corpo da Policía local, escala básica, categoría policía.

Mediante a Resolución da Alcaldía nº 299/2026, do 6 de marzo de 2026, aprobouse a convocatoria de proceso para a provisión de prazas vacantes no corpo da Policía local, escala básica, categoría de policía, incluídas na OEP 2025 do Concello de Ordes (BOP nº 249, do 30 de decembro de 2025), pola quenda de mobilidade, a través do procedemento de concurso.

A denominación e as características das prazas que se convocan neste proceso son as seguintes:

Funcionarios de carreira.

Código	Denominación	Tipo	Corpo	Grupo	Nivel	C. específico	Titulación exixida	Formación específica	Observacións
06.00.13	Policía local	F/S	A.E./S.E.	C1	20	15.839,88	Título de bacharelato, técnico ou equivalente	Manexo de ofimática no nivel de usuario/a. – Manexo dos programas informáticos específicos da súa área. – Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B. – Celga 4	Xornada de traballo a quendas
06.00.14	Policía local	F/S	A.E./S.E.	C1	20	15.839,88	Título de bacharelato, técnico ou equivalente	Manexo de ofimática no nivel de usuario/a. – Manexo dos programas informáticos específicos da súa área. – Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B. – Celga 4	Xornada de traballo a quendas

As bases que regulan a convocatoria deste proceso de provisión publicáronse integramente no *Boletín Oficial* da provincia nº 48, do 12 de marzo de 2026.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.



Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando proceda de conformidade coas bases, faranse públicos no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ordes e na web municipal.

Ordes, 12 de marzo de 2026

José Luis Martínez Sanjurjo
Alcalde presidente

CVE-DOG: 0tdnbyr6-bqs8-x3m1-1sz3-ektpg4qoi1c5

